REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 07.03.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 27/02/2019 12:33:54
Nº Rexistro: 14295
Data envio: 27/02/2019 12:33:54.161

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de marzo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

1.1 29917 (10/POC-007456)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da xestión da casa de acollida para mulleres vítimas de violencias machistas de Ourense por unha fundación relixiosa, a adaptación do orzamento ofertado polo Concello ás necesidades do servizo e a oportunidade de recuperar a súa xestión municipal, así como a necesidade de realizar algún estudo para atopar o modelo de xestión directa máis idóneo para un servizo de acollida para as vítimas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 300, do 04.05.2018

1.2 42214 (10/POC-006554)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a circular enviada por parte da Consellería de Política Social aos centros de política social en relación coas actividades vinculadas ao 25 de novembro, Día Internacional pola Eliminación das Violencias cara ás Mulleres
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019

1.3 43232 (10/POC-006831)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos incumprimentos da normativa aplicable detectados nos vehículos do transporte sanitario urxente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019

1.4 45035 (10/POC-007213)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as irregularidades denunciadas na convocatoria da praza de xefe/a do Servizo de Cirurxía Cardiovascular na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019

CSV: 2kll19LTP0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 27/02/2019 12:33:54
Nº Rexistro: 14295
Data envío: 27/02/2019 12:33:54.161

PARLAMENTO DE GALICIA

1.5 45772 (10/POC-007314)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que ten realizado o Goberno galego diante dos plans da empresa Vodafone de realizar un ERE que podería afectar ao persoal que ten en Galicia e a valoración respecto da perda de emprego no sector das telecomunicacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019

1.6 45950 (10/POC-007336)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre o apoio que lle está a prestar a Xunta de Galicia á Lei orgánica 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, a súa opinión referida á dotación de medios humanos e materiais que presentan os centros de atención primaria no que atinxe á atención sanitaria á muller e as súas intencións en relación coa elaboración dun plan ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019

1.7 46005 (10/POC-007339)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre a situación dos salarios e a precariedade existente no mercado laboral en Galicia, as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego, así como as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

CSV: 2kll19LTP0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 27/02/2019 12:33:54
Nº Rexistro: 14295
Data envio: 27/02/2019 12:33:54.161

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/02/2019 12:21:57

CSV: 2kl19LTP0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 07.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 07.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 29917(10/POC-007456)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da xestión da casa de acollida para mulleres vítimas de violencias machistas de Ourense por unha fundación relixiosa, a adaptación do orzamento ofertado polo Concello ás necesidades do servizo e a oportunidade de recuperar a súa xestión municipal, así como a necesidade de realizar algún estudo para atopar o modelo de xestión directa máis idóneo para un servizo de acollida para as vítimas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2018 11:44
Nº Rexistro: 29917
Data envio: 24/04/2018 11:44:37.452

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A loita contra as violencias machistas debe ser unha prioridade para todas as administracións públicas. A recuperación psicosocial das mulleres vítimas desta violencia é un proceso que precisa da intervención en rede de profesionais a través dunha metodoloxía sistémica e integral.

Precisamos mellorar os recursos existentes para que todas as mulleres teñan todo o respaldo institucional necesario e os recursos económicos e habitacionais correspondentes para afrontar co maior apoio posible este proceso.

Todos os recursos que tratan con mulleres vítimas de violencias machistas deben ser xestionados atendendo a criterios de especialización e perspectiva de xénero.

As casas de acollida permiten que as mulleres teñan unha saída de vivenda e apoio psicolóxico para os momentos iniciais.

Na cidade de Ourense, a casa de acollida de vítimas de violencias machistas leva anos sendo xestionada por unha fundación relixiosa vinculada á Igrexa Católica. En diversas ocasións, as monxas adoratrices da Fundación Amaranta foron as únicas que puideron acceder ao concurso para a xestión desta.

Isto pode deberse ás facilidades para axustarse ao presuposto, xa que a maioría das horas de traballo impútanse a unha parte da plantilla que non cobra ningún salario.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2018 11:44
Nº Rexistro: 29917
Data envio: 24/04/2018 11:44:37.452

GRUPO PARLAMENTAR en marea

No recente proceso de adxudicación, o pasado mércores 4 de abril, ningunha empresa presentou ofertas para obter a adxudicación deste servizo. Un concurso cun valor estimado de 100.000 euros anuais máis impostos sobre o valor engadido, e un prazo de dous anos prorrogables polo mesmo período.

Un recurso como este debera estar xestionado exclusivamente por profesionais con formación e experiencia específica en materia de xénero, porque só así se poderá garantir a mellor atención a estas mulleres e as súas familias.

O Alcalde anunciou que convocará un novo procedemento, para que continúe o servizo a partir do mes de Xuño, data onde termina a última das prórrogas do convenio actual. Este descarta polo momento remunicipalizar o servizo, a pesar de que en cidades coma A Coruña, Ferrol ou Lugo, o servizo sexa de xestión municipal directa.

Segundo recolle a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, "os concellos deben ofrecer a estas mulleres e as súas familias a protección, as condicións de recuperación persoal e o acompañamento necesarios para a organización da súa vida autónoma".

Dentro das súas competencias no ámbito de Igualdade, a Xunta debería promover que a xestión da casa de acollida en Ourense para vítimas de violencia de xénero sexa realizada directamente polo Concello como a mellor forma de garantir unha atención axeitada a estas mulleres e as súas familias

Polo anterior, preséntanse as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

1) Que valoración fai a Xunta de Galicia de que a xestión da Casa de Acollida de Ourense se realice por parte dunha fundación relixiosa?

2) Considera que o orzamento ofertado polo Concello de Ourense axústase ás necesidades do servizo?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2018 11:44
Nº Rexistro: 29917
Data envio: 24/04/2018 11:44:37.452

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3) Considera que sería oportuno remunicipalizar a Casa de Acollida de Ourense?

4) Ve necesario realizar algún estudo de cara a atopar o mellor modelo de xestión directa dun Servizo de Acollida de Mulleres Vítimas de Violencia Machista?

5) Coñece a Xunta de Galicia que porcentaxe de ocupación tivo a Casa de Acollida de Ourense nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 24/04/2018 11:40:15

Paula Vázquez Verao na data 24/04/2018 11:40:22

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/04/2018 11:40:25

Marcos Cal Ogando na data 24/04/2018 11:40:28

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 07.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 42214(10/POC-006554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a circular enviada por parte da Consellería de Política Social aos centros de política social en relación coas actividades vinculadas ao 25 de novembro, Día Internacional pola Eliminación das Violencias cara ás Mulleres

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:08:26
Nº Rexistro: 42214
Data envío: 28/12/2018 12:08:26.438

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As mulleres de idade avanzada, a miúdo con escasos recursos económicos e dependentes economicamente das súas parellas, atópanse especialmente expostas ao risco de violencia, exercida baixo formas complexas e sutís que levan a invisibilizar o problema. O progresivo envellecemento da poboación e a súa repercusión nas situacións de dependencia funcional e emocional favorecen que as persoas maiores sexan un dos grupos sociais máis susceptibles de sufrir situacións de abuso, malos tratos e/ou violencia. Se as persoas maiores son un colectivo de seu case inexistente no debate mediático, os abundantes casos de violencia machista a partires dos 65 anos quedan socialmente silenciados ante a escaseza de denuncias e moi especialmente de acompañamento, o que fai aínda máis difícil a situación de moitas mulleres que levan décadas sufrindo en silencio.

Segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial das 54.209 denuncias interpostas por malos tratos, só 1.042 (1,9 por cento) corresponden a mulleres maiores de 65 anos. Pero isto non se debe confundir cunha menor incidencia. A denuncia non é fácil, dependen en moitos casos economicamente do agresor, adoitan estar illadas, e con falla de apoio da súa contorna. Ademais, a súa idade dificúltalles refacer as súas vidas libres de violencia.

Tendo en conta esta alarmante situación, dende o Grupo Socialista temos posto en moitas ocasións a focaxe sobre a violencia machista que sofren as persoas maiores, tanto pola necesidade de mellorar a detección destes casos, como de facilitar á saída desta espiral de violencia con axudas específicas ás vítimas que se atopan nesta franxa de idade.

As traballadoras do centro de día para persoas maiores de Ribadeo, dependente da Xunta de Galicia, prepararon durante meses actividades vinculadas ao 25 de novembro, Día Internacional pola eliminación das violencias cara as mulleres, intervencións terapéuticas centradas nas persoas maiores**.** Cando todo estaba preparado para presentar estes traballos o pasado día 23, xornada sinalada en Ribadeo para os principais actos vinculados a esta data de concienciación e reivindicativa, a Consellería de Política Social enviou unha carta ao centro

CSV: REXISTRO-Z8CUZF4mD-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 12:08:26
Nº Rexistro: 42214
Data envío: 28/12/2018 12:08:26.438

segundo a cal impedía participar, secundar e apoiar calquera campaña en relación ao 25 de novembro que non fóra a da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o contido da carta enviada, por parte da Consellería de Política Social, aos centros de política social en relación ás actividades vinculadas ao 25 de novembro, Día Internacional pola eliminación das violencias cara as mulleres?
2. En que datas se enviaron estas cartas?
3. Cales foron os centros aos que se enviaron?
4. Por que motivo a Xunta de Galicia impediu participar, secundar, e apoiar aos centros de política social dependentes da Administración autonómica, calquera campaña en relación ao 25 de novembro que non fóra a da Xunta de Galicia?
5. Tomouse esta medida en anos anteriores?
6. Ten previsto a Xunta de Galicia manter esta política de exclusividade das campañas da Xunta de Galicia nos centros de política social, en relación ao Día Internacional pola eliminación das violencias cara as mulleres?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 16:54:06

María Luisa Pierres López na data 27/12/2018 16:54:12

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 16:54:16

CSV: REXISTRO_Z8CUZF4mD-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 07.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 43232(10/POC-006831)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos incumprimentos da normativa aplicable detectados nos vehículos do transporte sanitario urxente

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 10:30:43
Nº Rexistro: 43232
Data envío: 14/01/2019 10:30:43.779

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª.**

Traballadores do 061 levan tempo advertindo do perigo dos vehículos de transporte sanitario urxente por incumprimento da normativa aplicable, especialmente na cuestión do peso e a falta de material.

Como consecuencia das dilixencias previas abertas polo Xulgado de instrución número 2 de Santiago, nunha causa por presuntos delitos de prevaricación e tráfico de influencias na adxudicación dun concurso de transporte sanitario urxente do 061, un informe pericial encargado pola policía xudicial, constata o incumprimento da normativa e o exceso de peso respecto da masa máxima autorizada nos vehículos, exceso de polo menos 200 quilos, o que eleva o risco de accidentes, nun transporte que ten que facer fronte a condicións extremas, confirmando así o xa denunciado.

Ademais do exceso de peso, son máis os incumprimentos detectados no informe, como por exemplo, a falta de rodas de reposto.

Con todo, o goberno asegurou o ano pasado que se estaba a cumprir estritamente a normativa desoíndo as advertencias dos traballadores do servizo, en canto a falta de seguridade e a carencia de material.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

CSV:REXISTRO-rfY9KfRR-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 10:30:43
Nº Rexistro: 43232
Data envío: 14/01/2019 10:30:43.779

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Ten constancia a Xunta de Galicia da información contida no informe pericial?
- Por que non solucionaron os incumprimentos de normativa detectados, pese as advertencias levadas a cabo polos traballadores do 061?
- Pode asegurar o Goberno que as ambulancias UVI móbiles do 061 compren co peso máximo permitido pola Lei?
- Pode asegurar o Goberno que as ambulancias están en condicións de seguridade para traballadores e doentes?
- Ten pensado levar a cabo algunha acción en relación ao problema detectado?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/01/2019 10:28:23

CSV: REXISTRO-rfrY8KffR-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 07.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 45035(10/POC-007213)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as irregularidades denunciadas na convocatoria da praza de xefe/a do Servizo de Cirurxía Cardiovascular na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 13:39:21
Nº Rexistro: 45035
Data envío: 31/01/2019 13:39:21.266

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás actuacións a realizar diante das graves irregularidades na convocatoria na praza de xefe/a de Servizo de Cirurxía Cardiovascular da EOXI de Santiago.

O DOG do 5 de outubro do 2018 publicaba o anuncio do 20 de setembro polo que a Xerencia da EOXI de Santiago de Compostela convocaba, mediante o procedemento de avaliación colexiada, a provisión do posto de xefe/a do Servizo de Cirurxía Cardiovascular.

O anuncio establece que as bases íntegras da convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios dos centros dependentes da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, nos puntos de atención ao traballador(PAT) da Dirección de Recursos Humanos, na intranet da Xerencia, así como na páxina web do Sergas.

Estas bases establecen que dentro da documentación que deben achegar coa solicitude as persoas que queiran presentarse á convocatoria está o *Proxecto técnico relacionado coa xestión do servizo, que conterá un programa de obxectivos do mesmo, cuantitativos e cualitativos en relación cos obxectivos fixados polo órgano convocante, e que se recollen como Anexo I da presente resolución.*

CSV:REXISTRO-H6IjlrkqC-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 13:39:21
Nº Rexistro: 45035
Data envío: 31/01/2019 13:39:21.266

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao ir a consultar o Anexo I a sorpresa é maiúscula ao atoparse na vez de con os requisitos, obxectivos, perspectiva... que deba conter o Proxecto técnico, o que contén o Anexo I é directamente un proxecto escrito en moitos apartados en primeira persoa, co nome dun profesional e os seus méritos, profesional, que logo se presenta á praza.

Estas bases están colgadas durante días, até que se descubre tamaño escándalo, momento no que fan unha "subsanación de erros" sen publicar no DOG, finalmente fan unha corrección, que se publica no DOG do 22 de outubro, que en realidade é unha substitución total do anexo I.

Encontrámonos polo tanto con que o que tiñan que ser unhas bases para elaborar un proxecto para competir libremente por unha praza de xefe/a de servizo: Están escritas en primeira persoa, aparece o nome dun profesional que se presenta á praza, realízase unha primeira corrección de erros sen publicar no DOG, realízase unha segunda corrección de erros, esta xa si publicada do DOG, na que só consta a versión corrixida, non se mantén a versión orixinal, consistente na substitución total do Anexo I

O BNG denuncia este escándalo, e demanda explicacións ao Goberno galego. Non podemos aceptar que o PP normalice este xeito mafioso de nomeamentos, non pode actuar na administración pública como si fora a súa leira particular.

Débense asumir responsabilidades, a Xerente da EOXI de Santiago de Compostela como persona responsábel desta convocatoria que publica as bases para unha praza na que aparece o nome e méritos dunha das persoas que logo se presenta á praza, e fai unha subsanación de erros tentando non deixar rastro, ten que dimitir.

CSV: REXISTRO-H6jIrkgc-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 13:39:21
Nº Rexistro: 45035
Data envio: 31/01/2019 13:39:21.266

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Non lle parece que colgar as bases dunha convocatoria de xefe/a de servizo co nome e méritos dunha persoa que logo se presenta á mesma, é ir demasiado lonxe na súa práctica de colocación de cargos a dedo para controlar a sanidade pública?

-Vai cesar á Xerente da EOXI de Santiago de Compostela, Eloína Núñez Masid, como responsábel desta convocatoria fraudulenta?

-Vai rematar coa práctica de facer nomeamentos a dedo de cargos de responsabilidade disfrazados de seudo convocatorias públicas?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-H6jlrkgc-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 13:39:21
Nº Rexistro: 45035
Data envio: 31/01/2019 13:39:21.266

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2019 13:35:24

Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2019 13:35:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2019 13:35:30

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2019 13:35:32

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2019 13:35:33

Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2019 13:35:34

CSV: REXISTRO-H6jIrkgc-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 07.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 45772(10/POC-007314)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que ten realizado o Goberno galego diante dos plans da empresa Vodafone de realizar un ERE que podería afectar ao persoal que ten en Galicia e a valoración respecto da perda de emprego no sector das telecomunicacións

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 18:28:52
Nº Rexistro: 45772
Data envío: 07/02/2019 18:28:52.233

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao mantemento dos postos de traballo que Vodafone ten en Galiza.

O incremento da liberalización do sector das telecomunicacións e, como consecuencia, a sucesiva modificación da cualificación do mesmo, que pasou de ser un servizo público a considerarse un servizo de interese xeral, ten modificado profundamente este sector entre outras cuestións na destrución de emprego e a precariedade das condicións de traballo.

Un claro exemplo é a empresa Vodafone, que ven de presentar un ERE o 24 de xaneiro, o terceiro en seis anos que vai afectar a nivel do Estado a 1200 traballadores/as arredor do 25% do seu cadro de persoal, e en Galiza entre o 23 e 25%.

Mais unha vez unha empresa multinacional que ten beneficios usa os instrumentos que puxo á súa disposición as i reformas laborais contra @s traballadores/as, con despedimentos, explotación, sobrecarga de traballo.

Diante desta pretensión o Goberno galego non pode ficar indiferente, debe actuar, sobor de todo tendo en conta que ten contratos de subministro de servizos con

CSV:REXISTRO-9rMn7QW90-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 18:28:52
Nº Rexistro: 45772
Data envio: 07/02/2019 18:28:52.233

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta empresa, e está moi avanzado un proxecto para o despregue de alta velocidade, do que xa se fixo o estudo.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Que actuacións ten realizado o Goberno galego diante da pretensión da empresa Vodafone de realizar un novo ERE, que pode afectar a entre o 23 e o 25% do cadro de persoal que ten en Galiza?

2. Ten realizado algún contacto coa empresa?

3. Vai facer valer a condición da Xunta de Galiza de cliente da empresa e o proxecto para o despregue de alta velocidade no que teoricamente tamén vai participar esta empresa ?

4. Coida que Galiza pode seguir perdendo emprego no sector das telecomunicacións mentres as empresas seguen a obter beneficios no noso país?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños

CSV: REXISTRO-9rMn7QW90-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 18:28:52
Nº Rexistro: 45772
Data envio: 07/02/2019 18:28:52.233

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 18:27:05

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 18:27:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 18:27:11

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 18:27:13

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 18:27:14

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 18:27:16

CSV: REXISTRO-9rMn7QW90-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 07.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 45950(10/POC-007336)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o apoio que lle está a prestar a Xunta de Galicia á Lei orgánica 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, a súa opinión referida á dotación de medios humanos e materiais que presentan os centros de atención primaria no que atinxe á atención sanitaria á muller e as súas intencións en relación coa elaboración dun plan ao respecto

Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45950
Data envío: 11/02/2019 16:27:08.498

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e **Noela Blanco Rodrígue**z, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, aprobada polo goberno presidido por José Luis Rodríguez Zapatero, constituíu un avance nos dereitos das mulleres sobre a súa saúde sexual e reprodutiva. Esta lei superou á lexislación anterior (Lei orgánica 9/1985) e abriu a posibilidade ás mulleres de decidir de maneira máis completa e libre sobre a súa propia maternidade.

Esta lei ten sido considerada un gran avance de dereitos por numerosos organismos políticos internacionais, e conta cun amplísimo respaldo científico e profesional. De maneira especial ten sido amosado dende entón un apoio contundente e masivo por parte das mulleres, que viron un desenvolvemento legal dunha situación que necesitaba unha regulación ao nivel da súa importancia.

Dende entón vénse producindo, de maneira sistemática e periódica, un rexeitamento a esta lexislación e unha chamada á limitación de dereitos por parte das posicións e organizacións máis restritivas e reaccionarias no que corresponde aos dereitos civís, especialmente aos dereitos das mulleres. Recentemente estas posicións ideolóxicas, minoritarias na sociedade, tiveron un reforzamento dende organizacións ideoloxicamente situadas na extrema dereita, apoiadas en organizacións residuais en número. Contra o que sería o resultado natural desta situación que limitaría esas valoracións a meras expresións políticas de organizacións con limitada capacidade de influencia, percíbese un incremento do apoio ao rexeitamento á citada lei por parte de líderes de partidos de elevada representación institucional no conxunto de España e nas distintas autonomías, como é o caso do Partido Popular a través do seu principal referente Pablo Casado.

No caso de Galicia, a aplicación da Lei 2/2010 debera recibir un pulo de reforzo e non de minoración, pois existen datos que evidencian que non chega ao 10 % o número de mulleres que poden acollerse na rede sanitaria pública galega a este dereito, existindo unha derivación a centros concertados. Existiron casos nos últimos tempos de mulleres que, tendo solicitado o seu dereito recollido na lei,

CSV:REXISTRO-LZdcRzE9j-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45950
Data envío: 11/02/2019 16:27:08.498

foron derivadas a clínicas doutras comunidades autónomas, como o caso de Madrid, demorando a atención no tempo, o que causa maior risco para a muller e un período excesivo. Algún caso resultou en consecuencias fatais, e o Sergas xa foi condenado por mala atención a unha muller embarazada, por esta demora nun caso que obrigou a unha muller a acudir polos seus propios medios a Madrid e que terminou por perder o útero e a súa posterior capacidade reprodutiva.

En diversas ocasións, o Grupo Parlamentario Socialista ten formulado no Parlamento de Galicia a necesidade dun plan integral de atención sanitaria ás mulleres, dadas as especificidades que se deben consideran, e a Xunta de Galicia terminou por anunciar un plan nesta liña a partires do caso antes citado da condena ao Sergas.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Apoia á Xunta de Galicia de maneira inequívoca a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo?

2. Por que a Xunta de Galicia non pode garantir hoxe que todas as mulleres que desexen interromper o seu embarazo poidan facelo en Galicia, cunha atención integral e de calidade, con axuste aos protocolos internacionais e coa maior e mellor atención sanitaria, psicolóxica e emocional posible?

3. Considera a Xunta de Galicia que están ben dotados en termos materiais e humanos os centros de atención primaria tanto urbanos como rurais en Galicia no que corresponde a atención sanitaria á muller?

4. Ten a Xunta de Galicia elaborado un Plan integral de atención sanitaria á muller?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO-LZdcRzE9j-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45950
Data envío: 11/02/2019 16:27:08.498

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2019 16:24:00

María Luisa Pierres López na data 11/02/2019 16:24:06

Noela Blanco Rodríguez na data 11/02/2019 16:24:11

CSV: REXISTRO-LZdcRzE9j-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 07.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.7 46005(10/POC-007339)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a situación dos salarios e a precariedade existente no mercado laboral en Galicia, as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego, así como as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envío: 11/02/2019 19:05:11.853

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**

Na última década, a Unión Europea impuxo a aplicación de políticas de "austeridade" que tanto o goberno do Estado como a Xunta de Núñez Feijóo aplicaron con entrega e entusiasmo, levando a efecto recortes nos servizos públicos, privatizacións, reforma do sistema de pensións e dúas reformas laborais que facilitan os despedimentos, a perda salarial e a precariedade das condicións de traballo.

En 2016 acadáronse os niveis de produción previos á crise, dende 2014 medra a economía, pero non se recuperaron as condicións de traballo e os salarios. Segundo o informe: "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias":

- O emprego asalariado no conxunto do Estado español é un 0,6% inferior ao ano 2009; en Galiza, un 6,2% inferior, o que significa 67.533 persoas asalariadas menos.

- Os salarios, tendo en conta a inflación, sufriron unha perda de poder adquisitivo real do 10,9% na media do estado e do 10% en Galiza. Galiza, sendo a cuarta comunidade con una maior inflación, é a terceira cos salarios máis baixos.

- Os datos da Axencia Tributaria revelan que a destrución de emprego afectou principalmente aos postos con maiores ingresos e que só se está a crear emprego precario con salarios inferiores a 1,5 veces o SMI, situándose o maior medre do persoal asalariado no de ingresos inferiores a 0,5 veces o SMI. No ano 2017

CSV:REXISTRO-Z4f0HVo8L-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envío: 11/02/2019 19:05:11.853

foron 182.120 as persoas traballadoras nesta situación, cuns ingresos brutos anuais máximos de 2.020 euros. A partir de ingresos superiores a 1,5 veces o SMI, o número de asalariados sitúase sempre por debaixo do ano 2009.

- A taxa de temporalidade en Galiza medrou dende o 21,4% en 2014 ao 26,7% en 2018. É dicir: 222.000 persoas asalariadas galegas teñen un contrato eventual.

- Segundo o IGE, en 2018 asináronse 1.069.672 novos contratos laborais, o 5,4% indefinidos e o 94,6% temporais. Entre estes últimos, os contratos cunha duración máxima dunha semana supuxeron en 2018 máis de 375.000, cun incremento do 9,4% e representan xa o 35% dos novos contratos e o dobre que en 2013.

- O 57% das persoas contratadas por menos de 40 horas semanais en Galiza procuran un traballo a xornada completa pero non o conseguen.

O Foro Económico de Galicia ve preocupante a continua caída da poboación activa, especialmente grave na franxa de 25 a 34 anos, a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media do estado, o incremento da temporalidade e a alta taxa de contratación a tempo parcial involuntaria.

A precariedade e a falta de dinamismo do mercado laboral favorece a emigración da mocidade, a baixa taxa de natalidade e a perda de poboación activa.

En Galiza, as condicións laborais impiden que a mocidade galega desenvolva o seu proxecto de vida no seu País. Segundo o Consejo de la Juventud “a situación laboral que presenta Galiza para as persoas mozas non invita ao optimismo, na medida que conta con menor nivel de actividade e ocupación que o conxunto de España".

CSV: REXISTRO-Z4f0HVo8L-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envío: 11/02/2019 19:05:11.853

En 2017 Galiza tiña uns 60.500 fogares (un 40% menos que en 2007) formados por persoas por debaixo dos 35 anos, e case o 30% no superaban os 1.000 euros ao mes.

Segundo o IGE, seis de cada dez mozas e mozos galegos de entre 18 e 34 anos viven cos seus proxenitores porque carecen de recursos para emanciparse. O mesmo ocorre cos 43,6% dos galegos e galegas menores de 35 anos. Só o 14,7% percibiu algún tipo de ingresos, incluídas prestacións e salario.

De entre a mocidade que vive cos seus proxenitores, o 43,6% carece de ingresos; o 9,8% ingresa menos de 200 euros mensuais; o 15% gaña entre 200 e 600 euros; o 15% non chega aos 1.000 euros; e só o 16% gañou máis de 1.000 euros.

Pero, hoxe, en Galiza, traballar non significa poder emanciparse. Segundo o informe da Axencia Tributaria citado:

- O emprego asalariado baixou en máis dun 30% entre os 18 e os 35 anos.

- Os salarios baixaron un 21.4% entre os traballadores/as entre os 18 e 25 anos; entre 25 e 35 anos o descenso foi do 7,3%.

- Ata os 25 anos os asalariados/as galegos acadaron uns ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.

- Ata os 36 anos os traballadores e traballadoras non acadan o salario medio anual galego.

- Só un de cada dez mozos e mozas conseguiu traballar todo o ano. Antes da crise, representaban o 32,3% do total, en 2018 tan só o 11,8%.

O Consejo de la Juventud denuncia que en Galiza “o aumento da ocupación caracterízase pola parcialidade e a temporalidade maiores ás do conxunto do estado, sendo igualmente superiores a subocupación e a sobrecualificación".

CSV: REXISTRO-Z4f0HVo8L-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envío: 11/02/2019 19:05:11.853

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Foro Económico de Galicia alerta sobre a "gravidade" da perda de traballadores/as mozas e reclama "medidas específicas para reverter esta situación". Destaca que esta situación do mercado laboral galego se produce "dende o comezo da recuperación económica" e que na actualidade "avanza a un ritmo que dobra o do conxunto do Estado".

Como se acaba de expoñer, os principais indicadores da precariedade laboral afectan maioritariamente ás persoas menores de 30 anos: maior perda de salario dende a crise, máis traballo temporal, normalización das xornadas parciais e maior rotación nos postos de traballo.

Esta precariedade no emprego é froito de décadas de políticas antiobreiras. Entre estas, cabe destacar a Reforma Laboral que en 1994 o goberno socialista aprobou para legalizar as ETTs, prohibidas ata ese intre polo Estatuto dos Traballadores/as, pois supuñan o "tráfico de man de obra".

A temporalidade e a falta de dereitos caracterizan ás ETT. As ETTs contribuíron á precarización do traballo, sobre todo entre a mocidade, con altos índices de rotación, contratacións temporais e baixos salarios.

Durante o primeiro ano de existencia realizaron máis de 300.000 contratos. Catro anos despois achegábanse ao millón de contratacións. En 2008 máis de 2,5 millóns de contratos anuais. Coa reforma laboral do PP en 2012, as ETTs pasaron a ser axencias privadas de colocación con ánimo de lucro e os seus beneficios non paran de medrar chegando a realizar máis de 2,7 millóns de contratos.

E por si as ETTs non precarizaran o suficiente o mundo do traballo, proliferan as Empresas Multiservizos (EMS). O 90% das empresas cunha facturación superior aos 12 millóns de euros teñen externalizados servizos complementarios: seguridade, limpeza, mantemento, control de pragas, cátering, loxística, transporte, sistemas de información, financeiro, márketing, etc.

CSV: REXISTRO-Z4f0HVo8L-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envío: 11/02/2019 19:05:11.853

Non existe un convenio colectivo de ámbito estatal ou autonómico das empresas multiservizos, aplicando aos traballadores/as o Convenio da Empresa Multiservizos que se trate. É dicir, ao contrario do que ocorre coas ETTs onde os traballadores deben percibir o mesmo salario que a empresa contratista, nas EMS perciben o salario do convenio colectivo da EMS, que son convenios de mínimos con salarios moi baixos. Isto é posible grazas á reforma laboral de 2012 que outorgou aos convenios de empresa prevalencia sobre os convenios sectoriais de ámbito superior.

Ademais, na maioría dos casos estase a producir unha cesión ilegal de traballadores/as externalizando os servizos tras despedir aos propios traballadores que realizaban ata ese intre dito servizo.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

1. Por que en Galiza a perda de emprego asalariado é do 6,2% dende o ano 2009 ata 2017, mentres a media do Estado é do 0,6%? Que medidas implantou a Xunta para reverter esta situación?

2. Por que en Galiza 1/3 da clase traballadora percibe ingresos inferiores ao SMI? Considera a Xunta que a precariedade laboral instaurada en Galiza está relacionada co abuso da contratación a través de empresas multiservizo, centros especiais de emprego, o incremento de falsos autónomos e ETTs?

3. Instará a Xunta ao goberno do estado para que se limite por lei o uso das EMS e ETTs?

CSV: REXISTRO-Z4f0HV08L-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envío: 11/02/2019 19:05:11.853

GRUPO PARLAMENTAR en marea

4. Ante o desproporcionado incremento dos contratos a tempo parcial, que xa supoñen un 15% do total, que iniciativas políticas ten adoptado a Xunta para reverter esta situación? Que iniciativas ten programado adoptar neste ano 2019?

5. Ante o desproporcionado incremento dos contratos a temporais, que supoñen o 95% da totalidade dos novos contratos, que iniciativas políticas ten adoptado a Xunta para reverter esta situación? Que iniciativas ten programado adoptar neste ano 2019?

6. Por que Galiza ten os terceiros salarios máis baixos do Estado? Que iniciativas políticas aplicou, está a aplicar ou aplicará no futuro para conseguir a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal?

7. Considera que a emigración da mocidade está relacionada coa precariedade laboral e a falta de oportunidades profesionais que se lle ofrecen en Galiza? Considera esta situación compatible coa recuperación demográfica?

8. En que ano considera que se fará efectiva en Galiza a igualdade salarial de xénero?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-Z4f0HV08L-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46005
Data envío: 11/02/2019 19:05:11.853

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Paula Vázquez Verao na data 11/02/2019 18:49:50

CSV: REXISTRO-Z4f0HVo8L-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/